

Pregón da Feira do Libro de Ferrol 2021

HENRIQUE
DACOSTA

Feliz día autoridades, persoal do gremio do libro, autores e autoras, amigos e amigas amantes do libro e da lectura!

O 23 de abril reúne efemérides dignas de mérito que o consolida como Día Mundial do Libro. Data en que morreron dous xigantes da literatura universal, Cervantes e Shakespeare. Celebración que lle dedicamos a ese crisol de soños, estudos e saberes; volumes táctiles eles, portátiles, deseñados en papel, que olen dunha maneira especial, e que nos atraen cal sereas con doces cánticos, que gustamos de follear, dar unha ollada, sedutores nos seus mostrarios.

Disque San Xurxo matou o dragón coa espada, librando a princesa da besta. De cada ferida abrochou unha rosa, unha delas ofrecida á dama; e hoxe tamén cada 23 de abril. A ameaza actual é monstro de diferente fasquía, diminuto mais poderoso virus; neutralizábel se cadra con terapia de libros. Un combate desigual que podemos librar con lectura; as tenaces do medo antollaranse así menos duras; libres para ler e escoller; humana e democraticamente máis donos de noso.

Xenio, témolo abondo por estas terras, proxenie de afoutos ártabros e domesticados suevos que soubo frear o viquingo. Lendarios montes rodean a nosa comarca, callados de tesouros arqueolóxicos. Dicíao Torrente Ballester, "un pobo lóxico instalado nunha terra máxica". Foi Fernando Esquío, cantor dun sutil encontro de amantes á beira dun lago, quen ocupa o sitio que inaugura a nosa literatura.

A deusa Fortuna obsequiounos cun inesperado Cancioneiro de Afonso Pais, xunto uns documentos notariais labrados en Ferrol; como extraordinaria foi a descuberta en Madrid d' O romance da urca de Santo Antón, de 1777.

Non vivimos alleos ao mundo nesta "Illa dos oficios científicos do mar", e así nolo ratifican egrexios matemáticos e enxeñeiros da ilustración. Somos resultado dunha mestizaxe varia. Alberte Camino foi precursor, anticipo da Rosalía máis rebuldeira. Xaime Quintanilla, padriño de autores noveis, impulsor dunha dramaturxia nacional; editor en Céltiga de pezas de teatro e novelas curtas en lingua galega.



Nada nos é alleo, diría Concepción Arenal, convicta filla do liberalismo, militante da cuestión social, penitenciaría e feminista. Faros diversos iluminaron o noso horizonte. El Correo Gallego, forxa de heteroxéneas plumas, pariu os versos dun precoz Ricardito, logo don Ricardo. Cidade que viu nacer, na ilustre imprenta Taxonera, a Historia de Galicia de Verey y Aguiar; e o primeiro xornal provincialista, con Vicetto como redactor.

Abundaron os librepensadores na nosa terra, e á calor do republicanismo fúndase o Ateneo Ferrolán en 1879. Ou mesmo o pensamento libertario, coa Escola Racionalista, e os seus cursiños populares con figuras de sona como Matías Usero e Álvaro Paradelo.

Nada nos pode ser alleo. Velaí bos e xenerosos, marcados pola ditadura. Carvalho Calero, exiliado no propio país, quen escribiu: "Como podemos vivir? Os ollos múltiples e insones/ de Medusa fixos em nós à espreita./ As bocas das metralhetas/ apontando-nos. A censura/ postal —fatídico agoireiro— lendo as nossas entran-

has". E Guerra da Cal, nos EEUU "Que estranho temor obscuro/ presentirte antepassado/ num presente sem futuro".

Nada alleo. Como Conacho, a popularísima novela de Guillermo Ferrández. Ou a patética, simpática e tenra, Agora xa foi, de Araguas. O relato da mítica Terra de Escandoi, de Ramón Loureiro. Os feitos cotiáns, con doses experimentais, de Xesús Constela. Ou a memoria dunha xeración, narrada por Llorca n' O Salto do Can.

Recordo o primeiro libro comprado nesta Feira: Os ríos galegos, de Pedrayo, talvez en 1978. Canto me pesaban Salgari e Verne, Astérix e Tintín daquela. Tempo de todas as librarías sacaren fóra os seus postos; tempos funestos co fluír dos anos, con moitas que non puideron sopor-tar a crise e o auxo do dixital. A sentenza, "Cerrado por melancolía", aínda reza no escaparate do Quijote.

O libro é inmersión, viaxe, como a fascinante emprendida por Irene Vallejo, O infinito nun xunco. As letras resgardan o pasado; a memoria, os libros perseguidos. Eles significan

educación, saber, coñecemento; pernicioso para algúns, nítido na destrución da Biblioteca de Alexandria, nas queimas inquisitoriais e do nazismo, ou no saqueo do arquivo de Tombuctú polo extremismo islámico. O xunco é o papiro expicio, o vehículo que nos conduce á actualidade, pasando polo pergamiño.

O libro, outrora símbolo de luxo e elites, permaneceu encerrado en palacios, en bibliotecas de mosteiros; hoxe accesíbel para a totalidade das persoas. O libro, que mesmo sae á rúa de xeito exhibicionista para galantear diante do seu público, que é cultura, é áncora que fixa e fortalece. Así pois, deixémonos seducir por eles, polos libros, acariciémoslos, ulámoslos con deleitación e, se nos praxe, adquirámoslos.

E acabo xa, sen me poder subtraer a lerlles un anaco de Mendel, o dos libros, de Stefan Zweig, que di: "Por encima do propio alento, os libros escribíense para unir os seres humanos, e así defendernos fronte o inexorábel reverso de toda existencia: a fugacidade e o esquecemento."

Moitísimas grazas e boas lecturas!